



ELOS DE LECTURA

MITO, FANTASÍA E REALIDADE

ELENA GALLEGO ABAD ABORDA CON VALENTÍA E NATURALIDADE TEMÁTICAS CONSIDERADAS TABÚ NA CUARTA ENTREGA DA SERIE DRAGAL

TEXTO *Isabel Mociño*. UVigo/CRPIH

Poucas series narrativas xuvenis teñen gozado de tan boa acollida por parte do público como a de Dragal, que se iniciou en 2010 con A herdanza do dragón, finalista do IV Premio Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009 e Premio Frei Martín Sarmiento, continuada despois con A metamorfose do dragón (2011) e A fraternidade do dragón (2012) e pechada, polo momento, con A estirpe do dragón (2015), que deixa o camiño aberto a novas entregas.

Ben é certo que neste éxito da serie publicada por Edicións Xerais de Galicia na súa colección “Fóra de xogo”, máis alá da súa calidade literaria, ten tamén moito que ver o

empeño e implicación persoal da autora, Elena Gallego Abad, co “universo dragaliano”, que mantén vivo coas súas visitas decontino a centros de ensino, a súa colaboración con docentes para a posta en práctica de materiais didácticos e mesmo o seu afán pola promoción e divulgación da serie en todo tipo de formatos (adaptación audiovisual, videoxogos, cómic interactivo...), así como a súa tradución a outras linguas (inglés, castelán, catalán), como se pode seguir por <http://www.dragal.eu>.

Todo este universo cargado de mitos, lendas e fantasía continúa recreándose con acerto en A estirpe do dragón, na que se profunda na natureza dos

membros da Fraternidade, as súas dualidades, medos, inquedanzas e vivencias, mesturadas coa intriga e o misterio, nunha trama que mantén en vilo o lector ata o final. A autora sabe manexar con habelencia múltiples fontes documentais e históricas para asentar os alicerces do mundo dragaliano nos máis remotos tempos da historia da humanidade, convertendo Galicia e a súa cultura nun rico crisol de camiños e personaxes que acaban por confluír baixo a sombra do dragón. Neste caso, non deixa de sorprenden a aparición de Leonardo da Vinci e de Napoleón como coñecedores ou mesmo integrantes da Fraternidade.

Amais do misterio, a ten-



Elena Gallego Abad, autora de 'A estirpe do dragón'

sión e as fontes históricas que achegan respostas a múltiples cuestións da actualidade, nesta última entrega é de sinalar o tratamento de temas que preocupan especialmente a docentes, familias e tamén adolescentes, como é o acoso escolar e os embarazos non desexados. Ambas as cuestións converten a Mónica en centro ao redor do que gravita boa parte desta entrega, ao ser vítima do maltrato e humillacións reiteradas ás que a someten un grupo de compañeiras de aula,

e enfrontarse soa e en silencio á descuberta de que está agardando un fillo do seu noivo, Hadrián, ao que non atopa o momento nin a ocasión para comunicarllo.

Estas temáticas, moi pouco ficcionalizadas ata o de agora na narrativa xuvenil galega, fan de A estirpe do dragón unha proposta literaria moi atractiva, na que se seguen combinando con acerto boas doses de historia, filosofía, alquimia, hermetismo, fantasía e realidade.

imocino@hotmail.com